

# AS TOLAS VIAXES DE CÉLINE E JULIE

# 1297

Jacques Rivette, 1974

ESTREA EN NUMAX: 23.05.2024 | V.O.S.E. | +12 | 192 min

Moi preto da tradición dos contos infantís, a película narra as relacións entre a bibliotecaria Julie e Céline, unha descoñecida que atopa nun parque, e como esta introduce á primeira nunha historia, entre a realidade e a fantasía, que se desenvolve nunha gran mansión onde vive un viúvo, a súa filla de 8 anos e dúas mulleres.

«Un dos máis grandes filmes  
cómicos franceses xunto coa obra  
de Jacques Tati»

Gilles Deleuze



## Entrevista con Jacques Rivette: «Queríamos facer unha película que fose barata e divertida»

Por Jonathan Rosenbaum

**Como preparaches *As tolas viaxes de Céline e Julie*? Cal foi a motivación inicial?** Simplemente o desexo de facer un filme. Queríamos facer unha película que fose barata e divertida. Viñamos de *Out*, que era case imposible de proxectar e non viu ninguén doutro proxecto que non se puido facer por ser caro de máis (Phénix), no que tamén estaba implicada Juliet Berto. O máis doado para facer algo barato e divertido era reunir a Juliet e a Dominique [Labourier] a quen xa vira traballar xuntas.

**Detéctase no filme unha inspiración hollywoodense da que carecen os teus filmes anteriores.** Si pero do Hollywood de hai vinte anos, non o de hoxe. Ao contrario do que escribiron varios críticos en Cannes, a nosa intención non era facer unha parodia senón máis ben un pastiche do cinema clásico. Por exemplo, co uso de ángulos amplos e un enfoque profundo. Durante a rodaxe pensaba que o filme debía parecerse ás producións da RKO dos 50. Entre 1945 e 1950 houbo unha moda pasaxeira de buscar unha posta en escena en profundidade, baixo a influencia de Gregg Toland. A idea era ter un acabado slapstick. De feito estabamos a pensar en Hawks todo o tempo. Un dos seus comentarios preferidos era que cando encontras un tema o primeiro era tentar facer con el unha comedia. Se non o consegues fas unha película seria. Daquela decidimos que o final sería completamente aberto. Dramático ou non.

Hai varias escenas do filme que tiven que editar porque xogaban coas miradas e as reaccións. Cortei moito máis que en *L'Amour fou* (1969) ou en *Out 1* (1971). E desde o momento en que comezas a editar tes que pensar no que tería feito Hitchcock en circunstancias similares. Durante os primeiros 15 minutos queríamos ter o Montmartre imaxinario dun estudio, como o de *Un americano en París* (Vincente Minnelli, 1951).

**Cando aparece o guión no proxecto?** En realidade nunca houbo un guión escrito. Despois de todo, que é un guión? É algo que non fago desde *L'Amour fou* e non teño intención de volver facer. Empezamos por eliminación: non queríamos facer un filme serio, non queríamos facer un filme sobre teatro porque xa o fixeramos varias veces, non queríamos facer un filme sobre actualidade política. Pero desde o inicio tiñamos o desexo de facer algo similar á comedia e mesmo á *commedia dell'arte*. E o primeiro que fixemos despois de dúas horas de conversa foi buscar os nomes dos personaxes. E pasamos así a noite. Os nomes de Céline e Julie foron o noso punto de partida.

A primeira parte consistiu en longas conversas con Juliet e Dominique para que elas creasen os seus propios personaxes. Daquela xurdiu a idea do seu encontro, de como conectan. A partir de aí había todo tipo de posibilidades. Sentiamos que era necesaria unha segunda historia dentro da primeira para a cal quería a Bulle Ogier e Marie-France Pisier para ter outra parella feminina, tanto en oposición como en relación coa primeira. Pero non sabíamos en absoluto cal sería a segunda historia nin o mecanismo que as ía relacionar. Daquela foi o guionista Eduardo de Gregorio quen pensou na novela de Henry James *La otra casa* que el mesmo non lera pero da que tiña oído falar. Sobre esta base pensamos unha aproximación pouco realista, pensamos en obras como *La invención de Morel* de Bioy Casares. Pero o día en que me sentín realmente feliz, o día en que sentín ter atopado o camiño, foi cando tivemos a idea do caramelo. Iso foi o que nos permitiu unir todo.



Na librería  
**NUMAX**  
numax.org/librería

*La invención de Morel*,  
Bioy Casares.  
Alianza Editorial, 2012

*Alicia en el país de las  
maravillas A través del  
espejo La caza del Snark*,  
Lewis Carroll.  
Penguin Clásicos, 2016

*Nouvelle Vague*,  
Gustavo Provitina.  
La marca, 2022